



Concello de Betanzos
Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

CERTIFICADO

Adrián J. Márquez Caramés, secretario do Concello de Betanzos (A Coruña)

CERTIFICO o acordo que deseguido transcribo:

<<O Pleno da Corporación, en Sesión Extraordinaria do martes 16 de novembro de 2021, aprobou o seguinte ACORDO:

1.- MODIFICACIÓN RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE BETANZOS.

Preséntase a consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado de persoal, informada pola comisión de Programación de data 11 de novembro de 2021, que a continuación se transcribe:

“ASUNTO: MODIFICACION I DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE BETANZOS 2021

EXPEDIENTE: 2019/X999/000430

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Consta a providencia de incoación do expediente da modificación da Relación de Postos de Traballo para a súa posterior aprobación polo pleno da corporación municipal. A realción de postos de traballo vixente foi aprobada definitivamente o 15.12.2020 e publicada no BOP o 24.12.2020.

SEGUNDO. Proposta da modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Betanzos elaborada pola empresa JL TUDO contratada para elo.

TERCEIRO. Celebración das Mesas Xerais de Negociación en relación coa Relación de Postos de Traballo nas datas 30/11/2020, 08/06/2021, 22/09/2021 e 28/10/2021.

CUARTO. Consta o informe de secretaría e intervención.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 31 e seguintes, 69 e 74 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- Os artigos 22.2.i) e 90.2 da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- Os artigos 126.4, 127 e 129.3.a) do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- O artigo 15 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Os artigos 61 a 64 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.
- O Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Lei 5/1997 da Administración local de Galicia.
- A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- O Regulamento de provisión de postos de traballo, provisión e promoción interna do persoal ao servizo da Administración Autonómica, aprobado por Decreto 93/199.
- O Convenio colectivo do Persoal Laboral do Concello de Betanzos, publicado no Boletín Oficial da Provincia, o 6 de abril do 2017.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. REGULACIÓN XURÍDICA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

De acordo co artigo 74 Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Devanditos instrumentos serán públicos.

A lexislación das Comunidades Autónomas se aplica en defecto do disposto pola lexislación básica: Lei 5/1997 da Administración local de Galicia, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e o Regulamento de provisión de postos de traballo, provisión e promoción interna do persoal ao servizo da Administración Autonómica, aprobado por Decreto 93/199.

Tomarase en conta, á vez, o do Convenio colectivo do Persoal Laboral do Concello de Betanzos, publicado no Boletín Oficial da Provincia, o 6 de abril do 2017.

SEGUNDA. CONCEPTO E NATUREZA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

As relacións de postos de traballo son o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal, de acordo coas necesidades dos servizos e precísanse os requisitos para o desempeño de cada posto. Neste sentido, comprenderá todos os postos de traballo do Concello, tanto de funcionarios, persoal eventual, como de persoal laboral, e a través dela, crearanse, modificarán ou suprimirán os postos.

A Relación de Postos de Traballo ten natureza de acto administrativo e non de regulamento, sobre a base da Sentenza do Tribunal Supremo de 5 de febreiro de 2014, segundo a cal a RPT non é un acto ordenador, senón un acto ordenado, mediante o que a Administración se autoorganiza, ordenando un elemento da súa estrutura como é o do persoal integrado nela.

TERCEIRA. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

A Relación de Postos de Traballo debe ser obxecto de negociación, de acordo co disposto no artigo 37.m) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. **Consta a negociación segundo o expresado nos antecedentes.**

CUARTA. O PROCEDIMENTO DE APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

O procedemento de modificación da RPT é coincidente co procedemento para a aprobación da Relación de Postos de Traballo:

A .Por técnicos propio ou persoal ou empresa externa, deberá elaborarse a relación técnica e valoración de todos os postos de traballo existentes na organización municipal configurándose como proposta inicial, incluíndo respecto de cada un deles os seguintes datos:

- Número de prazas por cada posto e tipo de posto.
- Denominación
- Natureza xurídica.
- Grupo de clasificación profesional para postos de funcionarios, e grupo profesional para postos laborais.
 - Retribucións complementarias: comprendendo complemento de destino e complemento específico cos factores que inciden nel posto, como poden ser responsabilidade, nocturnidade, festividade, traballo a quendas, dificultade técnica, etc.)
- Forma de provisión.
- Titulación requirida ou formación específica que require o posto.
- Unidade orgánica á que pertence.
- Funcións a desenvolver.
- Observacións concretas sobre o posto.

O Departamento de Persoal ou Recursos Humanos do Concello, deberá proporcionar os datos necesarios ao persoal encargado de confeccionar a proposta.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

Consta a proposta elaborada polo equipo redactor da modificación da RPT JLTudo. A proposta inicial que se trasladou á mesa xeral de negociación conxunta foi variada en diversas ocasións para atender a diversas peticións da mesa.

B. Recibida a proposta inicial, esta deberá ser obxecto dun proceso de negociación a través da Mesa Xeral de Negociación conxunta de funcionarios e laborais do Concello. De conformidade co artigo 37.1. b), c) e m) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, despréndese que a negociación é un trámite de obrigado cumprimento cando se elabore ou modifique una Relación de Postos de Traballo.

Consta a celebración das Mesas Xerais de Negociación en relación coa Relación de Postos de Traballo nas datas 30/11/2020, 08/06/2021, 22/09/2021 e 28/10/2021.

C. Tras a negociación, a Relación de Postos de Traballo deberá ser informada e deberá trasladarse a proposta de acordo para o seu sometemento a ditame Comisión Informativa.

D. Previo Ditame da Comisión Informativa correspondente, neste caso a comisión de programación preiva ao Pleno, a aprobación inicial da Relación de Postos de traballo corresponde, por maioría simple, ao Pleno do Concello, de acordo co artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sen que poidan ser obxecto de delegación.

E. Exporase ao público a mencionada relación, durante o prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia (artigo 202 Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia), durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A relación considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

F. Una vez aprobada a Relación de Postos de Traballo, no prazo de trinta días, remitirase copia á Administración do Estado e, no seu caso, á da Comunidade Autónoma respectiva. A Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia, xunto co resumo do orzamento.

QUINTA. Esta proposta de modificación da RPT responde principalmente á obrigas derivadas de sentenzas que recoñecen a a relación laboral de traballadores municipais como indefinidos non fixos e que, ao seren postos estruturais, o concello estima que se deben de incorporar á Relación de postos de traballo:

05.01.05/06 Auxiliar de Axuda a Domicilio. Estes dous postos se crean, dentro da área de Servizos Sociais, no departamento de Asuntos Sociais en aplicación do artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia tras ser declarados os traballadores como persoal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial. Modifícase, por tanto, a ficha 32 engadindo dúas novas prazas e deixando un total de 3. Modifícase, ademais, a titulación de acceso para adaptala os requirimentos do posto.

05.01.05 Psicólogo/a. Este posto se crea, dentro da área de Servizos Sociais, no departamento de Asuntos Sociais en aplicación do artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia tras ser declarado o traballador como persoal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial. Créase a nova ficha 53 para a descrición de este novo posto de traballo.

05.02.01 Técnico/a Especialista Xardín de Infancia. Este posto se crea, dentro da área de Servizos Sociais, no departamento de Escola Infantil en aplicación do artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia tras ser declarado o traballador como persoal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial. Créase a nova ficha 54 para a descrición de este novo posto de traballo.

05.02.02 Técnico/a Especialista Xardín de Infancia. Este posto se crea, dentro da área de Servizos Sociais, no departamento de Escola Infantil en aplicación do artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril,



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

de Emprego Público de Galicia tras ser declarado o traballador como persoal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial. Créase a nova ficha 55 para a descrición de este novo posto de traballo

06.02.02 Electricista. Este posto se crea, dentro da área de Servizos Múltiples, no departamento de Electricidade en aplicación do artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia tras ser declarado o traballador como persoal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial. Créase a nova ficha 56 para a descrición de este novo posto de traballo.

06.03.01/02 Limpador/a. Estes dous postos se crean, dentro da área de Servizos Múltiples, no departamento de Limpeza de edificios en aplicación do artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia tras ser declarados os traballadores como persoal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial. Créanse as novas fichas 57 e 66 para a descrición de estes dous novos postos de traballo, un deles singularizado.

06.04.01/02 Conductor/a. Creación de un posto de traballo, dentro da área de Servizos Múltiples, no departamento de Aparcamento en aplicación do artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia tras ser declarado o traballador como persoal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial. O posto de traballo é a amortizar. Créase a nova ficha 58 para a descrición de este novo posto de traballo.

08.01.01.02 Profesor/a de Baile Tradicional. Este posto se crea, dentro da área de Cultura e Desenvolvemento Local, no departamento de Conservatorio en aplicación do artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia tras ser declarado o traballador como persoal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial. Créase a nova ficha 59 para a descrición de este novo posto de traballo.

08.01.01.03 Profesor/a Gaita e Percusión. Este posto se crea, dentro da área de Cultura e Desenvolvemento Local, no departamento de Conservatorio en aplicación do artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia tras ser declarado o traballador como persoal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial. Créase a nova ficha 60 para a descrición de este novo posto de traballo.

08.01.01.04 Profesor/a Guitarra. Este posto se crea, dentro da área de Cultura e Desenvolvemento Local, no departamento de Conservatorio en aplicación do artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia tras ser declarado o traballador como persoal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial. Créase a nova ficha 61 para a descrición de este novo posto de traballo.

10.00.00.01 Normalizador/a Lingüístico/a. Este posto se crea, dentro da área de Alcaldía, en aplicación do artigo 28 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia tras ser declarado o traballador como persoal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial. Créase a nova ficha 63 para a descrición de este novo posto de traballo.

Outras modificacións ou novas incorporacións neste documento de modificación da Relación de postos de traballo son as seguintes:

01.01 Secretario/a. Se revisan as funcións do posto e, consecuentemente, a dotación do complemento específico. Modifícase a ficha 1 para adaptala as novas características do posto de traballo.

02.01 Interventor/a. Se revisan as funcións do posto e, consecuentemente, a dotación do complemento específico. Modifícase a ficha 12 para adaptala as novas características do posto de traballo.

03.02.02/04.02.02 Arquitecto/a. Este posto previsto para persoal Laboral Fixo, dentro da área de Urbanismo, na Unidade Técnica de Urbanismo, se transforma en posto reservado a funcionario, non singularizado, para dar cabida a un funcionario interino que xa desenvolve as funcións. Modifícase a ficha 1 para adaptala as novas características do posto de traballo. Modifícase a ficha 23 para adaptala as novas características do posto de traballo.

07.01.02 Operario/a Limpeza Viaria. Posto vacante, reservado a funcionario, que modifica a súa condición á de persoal laboral fixo. Modifícanse os complementos salariais equiparándoos aos dos outros dous postos (07.01.03-04) xa existentes de persoal laboral fixo e se incorporan na ficha correspondente.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

09.01.07 Policía Local. Este posto previsto para persoal Funcionario, dentro da área de Seguridade, no departamento de Policía, modifica as súas funcións para equiparalas as recollidas na ficha 50 (09.01.08-20 Policía Local). Engádese, por tanto unha nova praza á ficha 50 e se elimina a ficha 49.

09.01.20 Policía Local.

09.01.06 Oficial Policía Local. Este posto previsto para persoal Funcionario, dentro da área de Seguridade, no departamento de Policía, modifica as súas funcións asumindo o control da munición e armamento que previamente ostentaba o posto 09.01.07 antes referido. Corríxese, por tanto, a ficha 48 deixando un total de 4 prazas e creando a nova ficha 49 correspondente ao posto 09.01.06.

02.01.04/04.02.05 Técnico/a Medio/a. Posto de nova creación, reservado a funcionario, para dar soporte técnico a Intervención e ao servizo de Contratación e Patrimonio.

08.01.01.05 Conserxe. Este posto se crea, dentro da área de Cultura e Desenvolvemento Local, no departamento de Conservatorio, reservado a funcionario con pase á situación de segunda actividade, para acoller a un axente de policía local en dita situación. Créase a nova ficha 61 para a descrición de este novo posto de traballo.

Para a elaboración da proposta de estrutura municipal recollida no documento a aprobar seguíronse os criterios xerais definidos na RPT aprobada en 2020; tanto en canto á codificación dos postos de traballo como á valoración dos mesmos.

Mantense, así mesmo, a estrutura de Departamento, Unidade e Sección previstas pola RPT vixente.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno da Corporación, de conformidade co artigo 22.2.i) da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación I da Relación de Postos de Traballo deste Concello coas modificacións introducidas logo da negociación na mesa xeral de negociación e os informes que constan no expediente.

SEGUNDO. Expor ao público a mencionada relación, durante o prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A relación considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO. Una vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, a Relación de Postos de Traballo, publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e remitirase una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma."

Ditamínase favorablemente coa reserva de voto ao Pleno do PP e o BNG

A presidenta abre o debate e realízanse diversas intervencións en relación ao sentido do voto.

A presidenta somete o asunto a votación co seguinte resultado:

Aprobado por maioría absoluta da Corporación.

Votos emitidos: 13

Votos a favor: 9 [PSOE (9)]

Votos en contra: 0

Abstencións: 4 [PP (3), BNG (1)].>>



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

E para que conste para os efectos oportunos, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, no senso de que o borrador da acta da sesión mencionada non se someteu aínda á aprobación, e a reserva dos termos que resultan desta, expido e asino este certificado co visto e praxe da alcaldesa, dona María Barral Varela.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa
María Barral Varela

O secretario (Asinado para os efectos do artigo 2 do Real decreto 1174/1987)
Adrián J. Márquez Caramés